



## PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO 2019/2020

### CRA RAÍÑA ARAGONTA

- As seguintes instrucións dítanse ao abeiro do **Decreto 254/2012, do 13 de Decembro**, e da **Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 1 febreiro 2017)**, pola que se modifica a **Orde do 12 de Marzo de 2013 (DOG 15 de Marzo)**, polos que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos.
- **O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN:**  
do 1 ao 20 de marzo.
- **OS IMPRESOS DE SOLICITUDE** (ED550B): serán facilitados gratuitamente na secretaría do centro, e tamén estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e na páxina web da consellería competente en materia de educación.
- **A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:** deberá facerse na secretaría do centro (Rúa Rosalía de Castro 11-A), ou ben a través da aplicación anteriormente mencionada.  
**\*Debido ás características propias do noso centro, con aulas en Esfarrapada e aulas nas diferentes parroquias, aconsellamos presentar os formularios na secretaría do centro e non vía telemática.**

O horario de secretaría para a entrega de documentación é o seguinte:

- **Luns: de 9:30 a 11:15 horas.**
- **Martes: de 9:30 a 11:15 horas.**
- **Mércores: de 12:15 a 13:30 horas.**
- **Xoves: de 12:15 a 13:30 horas.**
- **Venres: de 12:15 a 13:30 horas.**

### INFORMACIÓN IMPORTANTE A TER EN CONTA:

- *Cada alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar. A infracción da mesma determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.*
- *O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.*



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CRA RAÍÑA RAGONTA**

R/Rosalía de Castro Nº11-A. CP 36470  
Salceda de Caselas - Pontevedra  
Teléfono: 986349118

• O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, **deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.**

• No caso de separación ou divorcio, será necesaria a **sinatura de ambos proxenitores**, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles.

**En ambos casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, copia e orixinal do convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio.**

No suposto de alumnado afectado por situación de violencia de xénero, non será exixible o previsto no parágrafo anterior.

### **DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA SOLICITUDE**

- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta.
- Documento acreditativo do requisito de idade do alumno/a.
- Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa nos termos do anexo
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é caso.

### **CALENDARIO DO PROCESO DE ADMISIÓN 2019/2020**

#### **CRA RAÍÑA ARAGONTA**

- Publicación dos postos escolares vacantes: **antes do 1 de Marzo.**
- Presentación das solicitudes de admisión: **do 1 ao 20 de Marzo.**
- Presentación da documentación acreditativa para o baremo, no caso de que a demanda supere as vacantes ofertadas: **publicaranse as datas se fora preciso.**
- Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas: **antes do 25 de Abril.**
- Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas: **antes do 15 de Maio.**
- Formalización da matrícula en educación infantil: **do 20 ao 30 de Xuño.**

A Dirección do centro

